

CONCELLO DE NARÓN

AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DENOMINADO:

- Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Narón.

OBXECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

NORMATIVA:

Artículo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: UN MES a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma:

- Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Narón.

Preténdese modificar o actual Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Narón, aprobado polo concello pleno con data 28.04.2011 e publicado no BOP da Coruña nº 115 de data 17.06.2011, co obxectivo de mellorar a operativa do mesmo. Estanse a producir diversas disfuncións nos expedientes de nomeamentos e contratacións de persoal funcionario e laboral temporal, e con esta nova redacción intentarase corrixir as mesmas, facendo mais eficaz o proceso de chamamentos, evitar demoras innecesarias, así como sobre custos derivados de seleccións falidas. Todas estas medidas están orientadas a mellorar o servizo á cidadanía de Narón.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 2 DE OUTUBRO DE 2019.